




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipio: O Vicedo. Parroquias: Santa María de Suegos e San Román de Vale. Extensión: 3,36 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada de apertura tectónica, ten aspecto rectangular pola importancia de fallas meridianas. Contén un sistema praia-duna que remonta sobre os acantilados. Cara a atrás prológanse dous sucos separados por un pequeno bloque central. Estes seguen as citadas fracturas e vanse abrindo ladeira arriba ata alcanzar suavemente as elevacións costeiras. A depresión atópase entre dous bloques elevados e basculados cara ao leste, polo que as vertentes encaixantes son disimétricas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence completamente ao dominio do Olló de Sapo representado, principalmente, polo neis Olló de Sapo do precámbrico -facies mixta-, que ocupa a parte occidental da unidade. A metade leste ten como substrato base filita ordovícica, nas que se encaixa unha estreita banda de cuarcita feldespática do mesmo período xeolóxico. A cobertura sedimentaria componse de praia e duna na fronte costeira.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Valores medios anuais de temperatura por enriba de 14°C, algo superiores no complexo sedimentario, e precipitacións acumuladas que non superan os 1000 mm ao ano, sitúan a unidade no dominio climático Cálido e Seco.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos no complexo sedimentario da fronte costeira. Cara ao interior fórmanse solos do tipo acrisol órtico con dominio de materiais finos debido á natureza do substrato. Nas vertentes desenvólvense umbrisoles dístricos.


AS AUGAS

A rede fluvial está composta polo curso baixo do Rego de Vilar ao que se lle unen dous arrosios, o Rego Pedrón na súa marxe esquerda e o Rego de Rendo pola dereita de val disimétrico e trazado rectilíneo. As augas verten á masa de Augas Costeiras 20169.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Toda a liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Os hábitats de maior interese refírense a dunas e masas arborizadas. O campo dunar de Área Grande achega o consabido grupo 21, dunas marítimas das costas atlánticas. Os hábitats máis continentais están dominados polo 91E0, de bosques ripícolas, dos que aparecen dúas grandes unidades de referencia: unha ao longo do Rego de Rendo e outra que aparece tras as dunas na confluencia dos arrosios Vilar e Pedron, que supera as 2,5 ha. Tamén se poden observar algúns bosquetes de recolonización.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Os espazos de cultivo ocupan unha importante porción da unidade presentando un bo estado de conservación e sebes vivas que constitúen os lindes das parcelas. Dominan, principalmente, no sector máis próximo á costa debido á escasa inclinación da pendente que facilita a actividade agraria. Son varios os asentamentos tradicionais que comparten esta ampla agra de cultivo. Na vertente oriental do Monte Sixto, límite oeste da unidade, ábrese outro espazo de cultivo de menores dimensións, en canto ao que corresponde a esta unidade. Entre ambos os dous sectores, no interior da unidade, desenvólvese unha ampla masa forestal, procedente de labores de repoboación, ata alcanzar o val do Arroio de Cavas, cuxo val está de novo ocupado por parcelas destinadas ao cultivo.

MORFOLOXÍA

O modelo tradicional predomina nos asentamentos de toda a unidade, deste modo, os núcleos caracterízanse pola agrupación de edificacións que forman pequenos núcleos ou barrios doadamente identificables. A súa localización está intimamente relacionada coa existencia dunha agra de cultivo procurando situarse á marxe dos espazos de cultivo e próximos ás vías de comunicación. Pola contra, no sector máis próximo á costa e debido á atracción que exerce a Praia de San Román ou Área Grande, o antigo parcelario está sendo premido por edificacións unifamiliares illadas de carácter espontáneo alleas ás características do modelo tradicional. A dispersión espacial, o illamento con peches individuais e a proximidade á costa son os trazos característicos destes novos procesos de ocupación.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal infraestrutura viaria que suca a unidade é a estrada N-642. Esta vía discorre de sur a noroeste, primeiro paralelo ao Arroio de Rendo, no oriente da unidade, para ir abandonando este rumbo e xirar cara ao noroeste por onde abandona os límites da unidade moi próxima á costa. Desta estrada xorde outra de menor rango e sentido pseudocircular, reproducindo, moi posiblemente o trazado dos camiños existentes no pasado, e que permite a conexión cos asentamentos orixinais localizados no occidente. Por outro lado, a vía do ferrocarril de FEVE tamén cruza a unidade polo sur, pero a súa presenza apenas queda reflectida polos apeadeiros existentes nas poboacións de Folgueiro e A Fradería.


PATRIMONIO HISTÓRICO

Son os asentamentos de orixe tradicional os que albergan o patrimonio catalogado, neste caso de carácter eclesiástico, da unidade: casa do adro no Pereiro e casa reitoral e igrexa parroquial de San Román en Vale. A baixa densidade de entidades de poboación explica, en certo modo, a ausencia dun maior patrimonio catalogado. No extremo sur da unidade, pero xa fóra dos seus límites, localízase o castro da Encrucelada, catalogado como patrimonio arqueolóxico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade presenta moitas similitudes coa súa contigua cara ao E, Abrela, xa que ambas as dúas presentan unha disposición similar: estrutura lonxitudinal e forma rectangular propiciada polo encaixamento entre dous bloques levantados de disposición lonxitudinal -cordal de Monte da Vela a Monte do Plantío ao E e cordal de Monte Sixto ao O- rede fluvial encaixada sobre a base do relevo oriental e fachada marítima coa presenza dun sistema praia-duna e pequeno esteiro lateral. O carácter da unidade é tamén parello ao de Abrela debido ao predominio do tradicional cara ao interior da unidade mentres que no sector próximo á praia se percibe un incipiente carácter residencial vinculado ao seu uso turístico. Non obstante, ao contrario que sucede en Abrela, o trazado da N-642, que discorre próximo á costa, supón un importante eixe para a introdución de procesos de ocupación do solo como evidencian as construcións localizadas inmediatamente detrás do campo dunar de Área Grande.

DINÁMICA DA PAISAXE



RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Este territorio alberga un amplo abano de valores ambientais: a rede hidrográfica conformada polo Arroio de Rendo e o seu afluente Arroio de Cavas, e o tramo final do Arroio de Villar ao NO da unidade, presentan unha vexetación ripícola asociada con bastantes tramos en moi bo estado de conservación. Máis concretamente, o tramo final do Arroio Villar desenvolve un bosque de ribeira dunhas 2.5 ha inmediatamente detrás do campo dunar da praia e xera na súa desembocadura, ao unirse co Rendo, un pequeno esteiro que realza a calidade do conxunto. A Praia de Área Grande alberga un excelente campo de dunas remontantes en bo estado de conservación. Por outro lado, o parcelario situado entre a estrada N-642 e a praia está rexistrado polo Inventario de humedais galegos como unha área hidromorfa de especial interese. Oficialmente, toda a fronte litoral queda incluída na figuras de LIC, ZEPA e ZEPVN da Costa da Mariña Occidental, co que é posible concluír que a fronte desta unidade é unha das máis completas e valiosas do sector pertencente á Ría de Viveiro. Para percibir e apreciar as calidades e características descritas propónse o achegamento ao sector oriental da Praia de Área Grande e se é posible, aproveitar a baixamar para empolicarse ao saliente rochoso que pon fin á praia citada e gozar, con maior intensidade da beleza desta paisaxe.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



